



# CONCRECIÓN DO PLAN DE IGUALDADE

**CURSO 2023-24**

## ÍNDICE

- I. XUSTIFICACIÓN.
- II. OBXECTIVOS XERAIS.
- III. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.
- IV. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN.
- V. CONCRECIÓN DAS ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN,  
RESPONSABLES E TEMPORALIZACIÓN.
- VI. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN.

# IES EDUARDO PONDAL - SANTIAGO

## I. XUSTIFICACIÓN

A igualdade entre homes e mulleres constitúe uns dos principios fundamentais que rexen nas sociedades democráticas e, deste xeito, se recolle en moitas normas de ámbito autonómico, nacional e internacional. A pesar do gran avance, de xeito xeral, que experimentaron as mulleres españolas neste ámbito a finais do século XX, aínda persisten grandes desigualdades que se asentan na base da nosa sociedade. Deste xeito, para “interromper a cadea de transmisión do sexismo” é fundamental contar cunha ferramenta imprescindible para conseguir a igualdade real entre homes e mulleres. Esta ferramenta é a a Educación. Deste xeito, o título preliminar da Lei Orgánica de Educación, publicada en 2006 pon o énfasis na educación en valores, considerando que a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes ten que ser efectiva e que a educación debe contribuír a erradicar comportamentos sexistas. O artigo 1 desta lei establece como principio da educación “o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”. O artigo 2 establece que o sistema educativo se orientará á consecución de determinados fins, entre os que salienta a “educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres”.

A instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional concreta aspectos de como desenvolver dita lei de educación citada anteriormente.

## II. OBXECTIVOS XERAIS

1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.
3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.
4. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

### III. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- 1.1. Lograr a participación e a paridade na composición equilibrada dos órganos de representación e decisión.
- 1.2. Fomentar entre o alumnado a capacidade de identificar na súa contorna familiar e social estereotipos de “home” e “muller” así como desigualdades no rol que desempeñan homes e mulleres.
- 2.1. Facer reflexionar ao alumnado e ás familias sobre a relación que existe entre a violencia de xénero e a maneira en que entendemos as relacións de parella.
- 2.2. Potenciar no alumnado a capacidade de identificar e afondar nas falsas crenzas, relacións tóxicas nas relacións amorosas entre homes e mulleres.
- 3.1. Promover a análise crítica das informacións dos distintos medios de comunicación acerca das situacións de marxinação de tipo afectivo-sexual.
- 3.2. Transmitir e poñer en práctica valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade e o respecto.
- 4.1. Concienciar ao alumnado , como parte integrante da sociedade para que non apoie e , no seu caso, para que denuncie formalmente os casos de violencia de LGBTI fobia.

### IV. ESTRAXEXIAS DE INTERVENCIÓN

#### Organización do centro

1. Introducir a perspectiva de xénero en todos os documentos organizativos e programáticos do centro.
2. Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade.

3. Colaborar con outros departamentos didácticos en actividades de COEDUCACIÓN participando en programas específicos e/ou charlas de igualdade de xénero organizadas por entidades alleas ao centro.
4. Acadar a paridade na elección de delegados, delegadas, subdelegados e subdelegadas.
5. Realizar actividades ao redor das datas coeducativas. Neste senso, establecerase cada curso académico actividades, como mínimo, nas seguintes datas:

- 25 de novembro, día internacional contra a violencia de xénero.
- 8 de marzo, día internacional da Muller.
- 17 de maio, día internacional contra a homofobia e a transfobia.

6. Desenvolver obradoiros impartidos por entidades sen ánimo de lucro, Fundacións, Servizos Sociais e outros organismos de carácter público que teñan como obxectivo a promoción da Igualdade en todos os ámbitos:

- ✓ ONG. “Movemento pola Paz”.

- Obradoiro en Igualdade de Xénero.  
Destinatarios: alumnado de 2º de ESO.  
Temporalización: 2º Trimestre.

- ✓ ONG. “Alar – Galicia”.

- Obradoiro Prevención de Condutas Violentas.  
Destinatarios: alumnado de 4º de ESO.  
Temporalización: 1º e/ou 2º Trimestre.

- ✓ Organización de Dereitos Humanos “Helsinki España”.

- Obradoiro de Prevención da Violencia Machista e Dereitos Humanos.  
Destinatarios: alumnado de 1º de ESO.  
Temporalización: 1º e/ou 2º Trimestre.

O longo do curso iremos incluíndo propostas de charlas e/ou obradoiros de interese para o alumnado.

### Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes

1. Fomentar o emprego de materiais didácticos inclusivos e coeducativos.
2. Realizar actividades de sensibilización na aula.

### Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo

1. Crear na web do centro unha sección adicada á igualdade e coeducación.
2. Xestionar as actividades e a ocupación do patio para favorecer a inclusión. Neste senso promoverase a formación de equipos mixtos na realización de calquera actividade lúdica ou deportiva. Evitarase a apropiación de espazos comúns por parte de determinado alumnado.
3. Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.
4. Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional.

### Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar

1. Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.
2. Promover a corresponsabilidade na realización de tarefas.
3. Promover metodoloxías activas participativas e cooperativas.

## V. CONCRECIÓN DAS ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN, RESPONSABLES E TEMPORALIZACIÓN

Actuación	Obxectivos	Responsable	Temporalización
Introducir a perspectiva de xénero en todos os documentos organizativos e programáticos do centro, comprobando o uso de linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro como medio vehicular	O.1.1	Dirección	Todo o curso

Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade	O1.1/1.2/2.1/2.2/3.1/3.2/4.1	Dirección	1º Trimestre
Colaborar con outros departamentos didácticos en actividades de COEDUCACIÓN participando en programas específicos e/ou charlas de igualdade de xénero organizadas por entidades alleas ao centro.	Todos	Departamentos didácticos e departamento de orientación	Todo o curso
Acadar a paridade na elección de delegados, delegadas, subdelegados e subdelegadas	O.1.1	Titor/a Xefatura de estudos	1º Trimestre
Realizar actividades ao redor das datas coeducativas: <ul style="list-style-type: none"> <li>• 25 de novembro, día internacional contra a violencia de xénero.</li> <li>• 8 de marzo, día internacional da Muller.</li> <li>• 17 de maio, día internacional contra a homofobia e a transfobia</li> </ul>	Todos	Comisión de igualdade	Todo o curso
Realizar actividades de sensibilización na aula empregando de materiais didácticos inclusivos e coeducativos.	Todos	Profesorado	Todo o curso.

Crear na web do centro unha sección adicada á igualdade e coeducación	O.1.3	Coordinador TIC	1º Trimestre
Xestionar as actividades e a ocupación do patio para favorecer a inclusión. Neste senso promoverase a formación de equipos mixtos na realización de calquera actividade lúdica ou deportiva. Evitarase a apropiación de espazos comúns por parte de determinado alumnado	O.1.2 / 3.2	Profesorado	Todo o curso
Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar	O.2.1 / 2.2	Equipo da biblioteca Profesorado	Todo o curso
Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual, raza, clase social, etc. dende o ámbito da orientación educativa e vocacional	O.2 / 3 / 4	Orientación	Todo o curso
Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero	O.3 O.4	Comunidade educativa	Todo o curso
Promover a corresponsabilidade na realización de tarefas	O.1	Comunidade educativa	Todo o curso
Promover metodoloxías activas participativas e cooperativas	O.1	Profesorado	Todo o curso

## VI. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

O seguimento do plan será continuado ó longo do curso escolar para observar o desenvolvemento do plan e a realización de actividades pertinentes. Este seguimento será realizado pola comisión de igualdade e permitiranos revisar os obxectivos, as

actuacións e as súas actividades para a planificación de futuras accións e liñas de mellora.

A avaliación terá carácter continuo e final. Durante o seguimento do plan realizaremos unha avaliación continua de tipo descritiva e cualitativa. Esta avaliación será completada cunha avaliación final que se incluírá na memoria do departamento de orientación na que describirán as actividades realizadas. Coa avaliación podemos analizar a adecuación dos tempos, dos recursos e do impacto xerado.